



DATOS IDENTIFICATIVOS

Historia: Historia do presente

| | | | | |
|-----------------------|---|--------|-------|--------------|
| Materia | Historia: Historia do presente | | | |
| Código | 005G120V01203 | | | |
| Titulación | Grao en Educación Primaria | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | FB | 1 | 2c |
| Lingua de impartición | Galego | | | |
| Departamento | Historia, arte e xeografía | | | |
| Coordinador/a | Rodríguez Teijeiro, Domingo | | | |
| Profesorado | Rodríguez Teijeiro, Domingo | | | |
| Correo-e | teijeiro@uvigo.es | | | |
| Web | http://webs.uvigo.es/historia_contemporanea | | | |
| Descrición xeral | A materia de Historia do Presente pretende introducir ao alumnado no estudio dos principais acontecementos e os procesos xerais de cambio e continuidade da Humanidade a partires da segunda metade do século XX e, o tempo, que se familiarice coas destrezas propias da aprendizaxe histórica, entre as que compre destacar a localización dos acontecementos no espazo e no tempo, o manexo de fontes de información, a interpretación crítica dos datos, a conciencia de que as explicacións causais son produto da interacción dun conxunto de factores diversos, capacidade de análise e síntese ou a emisión de xuízos fundamentados sobre asuntos controvertidos. | | | |

Competencias

| | |
|--------|--|
| Código | |
| A3 | Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. |
| B8 | Manter unha relación crítica e autónoma respecto dos saberes, os valores e as institucións sociais públicas e privadas |
| B9 | Valorar a responsabilidade individual e colectiva na consecución dun futuro sustentable |
| B10 | Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela entre os estudantes |
| B11 | Coñecer e aplicar nas aulas as tecnoloxías da información e da comunicación. Discernir selectivamente a información audiovisual que contribúa ás aprendizaxes, á formación cívica e á riqueza cultural |
| C31 | Comprender os principios básicos das ciencias sociais |
| C32 | Coñecer o currículo escolar das ciencias sociais |
| C33 | Integrar o estudo histórico e xeográfico desde unha orientación instructiva e cultural |
| C34 | Fomentar a educación democrática da cidadanía e a práctica do pensamento social crítico |
| C35 | Valorar a relevancia das institucións públicas e privadas para a convivencia pacífica entre os pobos |
| C37 | Desenvolver e avaliar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover as competencias correspondentes nos estudantes |
| D1 | Capacidade de análise e síntese |
| D2 | Capacidade de organización e planificación |
| D6 | Capacidade de xestión da información |
| D7 | Resolución de problemas |
| D8 | Toma de decisións |
| D9 | Traballo en equipo |
| D12 | Habilidades nas relacións interpersoais |
| D13 | Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade |
| D14 | Razoamento crítico |
| D15 | Compromiso ético |
| D16 | Aprendizaxe autónoma |
| D20 | Coñecemento doutras culturas e costumes |
| D23 | Sensibilidade por temas medioambientais |

Resultados de aprendizaxe

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | | |
|--|---------------------------------------|-----------|--|---|
| Comprender os principios básicos da Historia e das Ciencias Sociais para ser capaz de deseñar, planificar e avaliar correctamente os procesos de ensino e aprendizaxe. | A3 | B8 B10 | C31 C32 C33 C34 C35 C37 | D1 D2 D6 D7 D8 D9 D12 D13 D14 D15 D16 D20 D23 |
| Manexar diferentes instrumentos de recompilación de información e investigar en fontes diversas da Historia do Presente para ser capaz de planificar, realizar e presentar pequenas investigacións individuais e en equipo que contribúan á elaboración dun discurso crítico e razoado sobre a realidade actual. | A3 | B8 B11 | C31 C32 C33 C34 C35 C37 | D1 D2 D6 D7 D8 D9 D12 D13 D14 D15 D16 D20 D23 |
| Promover o estudo da Historia e das Ciencias Sociais desde unha orientación crítica e autónoma respecto dos saberes, os valores e as institucións públicas e privadas. | | B11 | | D1 D2 D6 D7 D8 D9 D12 D13 D14 D15 D16 |
| Desenvolver e avaliar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover as competencias correspondentes nos estudantes. | A3 | B9 | | D1 D2 D6 D7 D8 D9 D12 D13 D14 D15 D16 D20 D23 |

Contidos

| Tema | |
|---|--|
| Historia e Tempo. O cambio histórico e a súa dimensión cultural. | --- |
| As bases do tempo presente. | As relacións internacionais (1945-1989). Evolución económica (1945-1989). |
| Movementos sociais e políticos na contemporaneidade. | Os movementos de contestación social. Sistemas e ideas políticas. Xénero e desigualdade social. |
| O mundo do presente: de 1989 á "Gran Recesión". | A posguerra fría e a Nova Orde Mundial. O mundo despois do 11-S. Das crises dos noventa á Gran Recesión. |

Globalización e novos modelos culturais.

A globalización económica.

A "sociedade rede": cultura e novas tecnoloxías da información.

Crecedemento e desenvolvemento sostible.

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|--|---------------|--------------------|--------------|
| Actividades introdutorias | 2.5 | 0 | 2.5 |
| Lección maxistral | 25 | 25 | 50 |
| Obradoiro | 15 | 20 | 35 |
| Traballo tutelado | 7 | 20 | 27 |
| Presentación | 1 | 1 | 2 |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | 2 | 27.5 | 29.5 |
| Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas | 0 | 4 | 4 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| | Descrición |
|---------------------------|--|
| Actividades introdutorias | Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia. |
| Lección maxistral | Explicación dos contidos da materia polo profesor, debates dirixidos, aportación persoais do alumno |
| Obradoiro | Realización de comentarios de textos históricos e de actualidade. Traballo con fontes de información ou históricas. |
| Traballo tutelado | Traballos realizados de xeito individual ou en grupo polo alumnado orientados ao achegamento á bibliografía especializada, aos instrumentos de recompilación de información e ás fontes propias da Historia do Presente. Deberán estar asignados inexcusablemente antes do remate do primeiro mes do cuadrimestre. |
| Presentación | Exposición sintética na aula dos traballos realizados en grupo. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|-------------------|--|
| Obradoiro | Resolución de dúbidas sobre a materia explicada nas leccións maxistras, sobre as lecturas recomendadas para a preparación das clases prácticas e seminarios. Resolución de dúbidas e problemas que poidan aparecer a medida que se desenrola a elaboración do traballo en grupo. Resolución de calquera outra dúbida ou problema que se lle poida plantexar ó alumnado. Todo o alumnado: curso virtual na plataforma de Teledocencia Moodle (MooVi, Uvigo), Titoría presencial (despacho), Titoría no Campus Remoto, correo electrónico. |
| Traballo tutelado | Resolución de dúbidas sobre a materia explicada nas leccións maxistras, sobre as lecturas recomendadas para a preparación das clases prácticas e seminarios. Resolución de dúbidas e problemas que poidan aparecer a medida que se desenrola a elaboración do traballo en grupo. Resolución de calquera outra dúbida ou problema que se lle poida plantexar ó alumnado. Todo o alumnado: curso virtual na plataforma de Teledocencia Moodle (Moovi, Uvigo), Titoría presencial (despacho), Titoría no Campus Remoto, correo electrónico. |

Avaliación

| Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|------------|---------------|---------------------------------------|
|------------|---------------|---------------------------------------|

| | | | | |
|--|--|----|------------------|---|
| Traballo tutelado | Presentación e entrega, na data sinalada dos traballos realizados de xeito individual ou en grupo polo alumnado. Valorarase o marco teórico, a estrutura e articulación do traballo, a reflexión crítica sobre as fontes e a presentación formal do mesmo. Obxectivos de aprendizaxe. Profundizar nas destrezas propias da aprendizaxe histórica, entre as que destacan: localización dos acontecementos no espazo e no tempo, manexo de fontes de información, interpretación crítica dos datos, conciencia de que as explicacións históricas son produto da interacción de diversos factores, capacidade de análise e síntese, capacidade de emitir xuízos fundamentados sobre asuntos controvertidos. Dentro das técnicas historiográficas: manexo das categorías temporais, representación de ciclos e de etapas, vocabulario específico, etc. | 30 | A3 B8 B9 B10 B11 | D1 D2 D6 D7 D8 D9 D12 D14 D15 D16 |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | Valorarase os coñecementos teóricos da materia, a estruturación de ideas e a precisión e claridade expositiva. Resultados da aprendizaxe: Capacidade para reflexionar criticamente sobre aspectos importantes do Presente e sobre a construción de valores sociais, os cambios nas relacións de xénero e interxeracionais, multiculturalidade e interculturalidade, a discriminación e inclusión social, etc. | 30 | B9 | D1 D2 D6 D7 D8 D14 D20 D23 |
| Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas | Seminarios : Selección, presentación, análise e crítica dos materiais traballados e capacidade para fomentar o debate, a discusión e a participación. Traballos de aula: Presentación e entrega, nas datas sinaladas e conforme aos parámetros indicados, dos exercicios prácticos indicados. Resultados da aprendizaxe: Dentro das técnicas historiográficas: manexo das categorías temporais, representación de ciclos e de etapas, vocabulario específico, etc. Integración de novas tecnoloxías de información: fontes primarias e como un obxecto de estudo, alcanzando a capacidade de analizar criticamente o impacto das novas tecnoloxías e medios de comunicación | 40 | A3 B8 B10 | C31 D1 C32 D2 C33 D6 C34 D7 C35 D8 C37 D9 D12 D13 D14 D15 D16 D20 D23 |

Outros comentarios sobre a Avaliación

Valorarase a asistencia e participación activa nas sesións teóricas e prácticas, seminarios, titorías e outras actividades.

Aqueles alumnos que non se acollan á modalidade presencial, cuxa que deberán comunicar ao profesor responsable dentro do primeiro mes do cuatrimestre, examinarase de todo o programa da materia, o cal deberán preparar a partir da bibliografía básica sinalada. Asemade, deberán realizar obrigatoriamente un traballo práctico ou bibliográfico, que será asignado polo profesor responsable con anterioridade ao remate das sesións presenciais e entregado na data do exame. Este último suporá o 70% da nota final e o traballo o 30%.

Os alumnos da modalidade presencial que non realicen todas as actividades e traballos prácticos ou non acaden nestes ou no examen a cualificación de aprobado, deberán repetir na segunda convocatoria aquelas partes da materia que teñan suspensas ou ben acollerse á modalidade non presencial con idénticos requisitos aos esixidos a este alumnado.

As partes da materia superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose aprobadas, polo tanto, neste curso académico.

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT)

As datas oficiais dos exames poden consultarse na web da facultade, no apartado "Exames".

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Núñez Seixas, X.M., **Las utopías pendientes. Una breve historia del mundo desde 1945**, 1ª, Crítica, 2015

Rueda Lafond, J.C. y otros, **Historia Actual del Mundo. De la posguerra a la Cultura Global**, 1ª, Síntesis, 2016

Bibliografía Complementaria

Avilés Farré, Juan, Pardo, Rosa y Sepúlveda, Isidro., **Las Claves del mundo actual : una historia global desde 1989**, 1ª, Síntesis, 2014

Fontana, Josep, **Por el bien del imperio : una historia del mundo desde 1945**, 8ª, Pasado y Presente, 2011

Judt, Tony, **Postguerra : una historia de Europa desde 1945**, 1ª, Taurus, 2012

Aróstegui, Julio, **La Historia vivida : sobre la historia del presente.**, 1ª, Alianza Editorial, 2004

Avilés Farré, Juan. y Sepúlveda, Isidro., **Historia del mundo actual : de la caída del Muro a la Gran Recesión**, 1ª, Síntesis, 2014

Recomendacións

Outros comentarios

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).
